

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/12	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de marzo de 2023
Duración	Dende as 12:58 ata as 13:12 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 16.03.2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 16 de

marzo de 2023.

Expediente 1864/2022. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello de Silleda e apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariaisponse en marcha todos os anos o Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego.

Este Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar anualmente a concesión de axudas municipais para o fomento da creación de emprego no ámbito do concello de Silleda.

Unha vez redactadas as bases específicas que rexerán a presente convocatoria de subvencións, nas que figura o importe máximo que poderá percibirse por axuda, 4.200 €, e que se financiarán con cargo á asignación orzamentaria 241-470 "PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO".

Logo de ver o informe número 1864/2022 emitido pola Secretaría da Corporación con data de 16 de xaneiro de 2023 e visto o RC por importe de 15.000€ de data 21 de marzo de 2023

Logo de ver o acordo do Pleno da Corporación de data 26 de xaneiro de 2023, no que se presta aprobación as "Bases do programa de axudas municipais á creación de emprego no Concello de Silleda, ano 2023"

Publicadas as anteditas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 17/02/2023 e non habéndose presentado ningunha reclamación a estas.

Visto o disposto no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva en materia de creación de emprego, co texto que figura no Anexo do presente acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe de 15.000 € do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria código 2023-2410-47000

Terceiro.- Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial de la Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que haxa asignado a BDNS á convocatoria.

Anexo: CONVOCATORIA MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE SUBVENCÍONS EN MATERIA DE CREACIÓN DE EMPREGO, ANO 2023

1. Bases Reguladoras

As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e nas Bases Reguladoras do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA, ano 2023 aprobadas polo Pleno da Corporación de data 26 de xaneiro de 2023, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 34, de data 17/02/2023.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrencia competitiva.

2. Créditos Orzamentarios e contía total máxima de carácter estimado

O importe máximo destas axudas será de 4.200 euros por empresa/persoa beneficiaria, e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 15.000€ do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria código 2023-2410-47000

3. Obxecto, condicións e finalidade da Concesión da Subvención

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras da subvención á creación de emprego, para o ano 2023 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Emprego no ámbito do Concello de Silleda coa finalidade de potenciar e colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos.

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes actividades:

a) Gastos de constitución e apertura serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1) Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2) Licenza de obra e licenza de apertura
- a3) Alta no Rexistro Mercantil
- a4) Certificación negativa do nome da sociedade
- a5) Honorarios de notarías por escrituras públicas
- a6) Publicación no BORME
- a7) Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.
- a8) Gastos de rexistros en Institucións (Consellos Reguladores, IXP, etc.)

b) Existencias iniciais de mercadorías. Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras

compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer do local, vehículo industrial ou agrícolas, ou calquera outra maquinaria sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.(Serán subvencionables o 50%)

d) Primas de seguros: Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil, seguro de colleita ou de ganado e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

e) Subministracións e gastos correntes.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1) Auga
- e2) Teléfono
- e3) Electricidade
- e4) Gasóleo / gasolina
- e5) Material de oficina
- e6) Asesoría
- e7) Gas
- e8) Equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)
- e9) Programas e aplicacións informáticas

f)) Dereitos de propiedade industrial Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1) Patentes
- f2) Modelos de utilidade
- f3) Deseño industrial
- f4) Marcas de produtos ou servizos
- f5) Nomes comerciais
- f6) Dominio en Internet.

g) Equipos informáticos, desenvolvemento e custos de paxina web, aplicacións informáticas, e outros gastos tecnolóxicos.

h) Serán subvencionables o 50% nos proxectos do sector primario, relacionados con Medio Ambiente ou I+D+I a adquisición de:

- h1) Compra de maquinaria ou apeiros
- h2) Instalacións (Invernadoiros, sistemas de rega, fertirrigación ,etc)
- h3) Realización de pozos (motores, bombas, etc)
- h4) Insumos agrícolas (sementes, plántulas, fertilizantes e acondicionadores do solo,

produtos fitosanitarios, etc)

So serán obxecto de subvención:

Os gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade, corresponderán aos realizados dende o 1 de novembro de 2022.

O importe máximo destas axudas será de 4.200 euros por empresa/persoa beneficiaria, en base o baremo de puntuación a continuación detallado, e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

A concesión das axudas contempladas na presente convocatoria suxeitarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

5. Requisitos para Solicitar a Subvención e Forma de Acreditalos

- 1.- Que a persoa física ou xurídica teña o seu enderezo fiscal e social en Silleda.
- 2.- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos neste concepto, os traspasos de negocios, pero non as transformacións de forma xurídica.
- 3.- Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.
- 4.- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.
- 5.- Non ter débedas co Concello de Silleda, nin a empresa, nin as persoas socias.
- 6.- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

6. Órgano Competente para a Instrución e Resolución do Procedemento

A concesión da subvención regulada nestas bases, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda.

7. Prazo de Presentación de Solicitudes e Documentación

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30/11/2023 ou ata esgotar o orzamento, que se contará a partir o día seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra da convocatoria que se derive da aprobación das presentes bases.

8. Resolución definitiva, prazos e notificación

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello www.silleda.gal e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo a lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución da concesión non poderá ditarse en tanto non se aprobou definitivamente o orzamento, ao supoñer tal resolución, conforme o sinalado no artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, o compromiso de gasto correspondente.

Aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo de resolución e notificación será de de tres meses dende a presentación das solicitudes non Rexistro Xeral do concello.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

9. Fin da Vía Administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa.

De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a devandita resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes para contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

10. Criterios de Valoración de Solicitudes

Os criterios para a asignación das subvencións serán os seguintes:

DESCRICIÓN	PUNTOS		VALOR (30 €/PUNTO)	
PARADO LONGA DURACIÓN	10		300	
APERTURA DE LOCAL	20		600	
ALTA AUTÓNOMO	30		900	
CONTRATACIÓN PERSONAL	HOME	MULLER	HOME	MULLER

(incrementase o valor ata 20 puntos no caso de contratar mulleres (puntuación non acumulable))	20	30	600	900
PLUS POR PROXECTOS DO SECTOR PRIMARIO, RELACIONADOS CO MEDIOAMBIENTE OU I+D+I	40		1200	
FAMILIA MONOPARENTAL CON CARGAS FAMILIARES	10		300	
TOTAL	130	140	3900	4200

11. Medios de notificación ou publicación

As notificacións practícaranse no lugar e polo medio que o solicitante faga constar para ese efecto na solicitude, tendo en conta o establecido para estes efectos no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Expediente 6/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Coa finalidade de apoiar ao tecido asociativo no municipio de Silleda, como dinamizador no ámbito cultural e social, así como a celebración de distintas actividades de carácter cultural, e tendo en conta o papel que os colectivos e entidades culturais desenvolven ao longo dos últimos anos, esta Alcaldía propón a aprobación inicial das bases que rexerán a posterior convocatoria de axudas a entidades culturais do municipio de Silleda para o ano 2023.

Ditas subvencións, en réxime de concorrenza competitiva, outorgaranse con cargo á partida 334.48 do orzamento municipal, cunha contía de 23.000 euros. Do total desta partida resérvanse outros 35.000 euros para subvencións nominativas, para as entidades Banda Municipal de Música de Silleda (20.000 euros) e Banda Recreativa e Cultural de Bandeira (15.000 euros), polas características específicas relativas ao funcionamento de ámbalas dúas.

Unha vez redactadas as bases, nas que especifican os requisitos e condicións da convocatoria que aprobará o órgano competente e logo de ver o informe número 6/2023 emitido pola Secretaría da Corporación con data 16/01/2023.

Constando no expediente informe de Intervención e documento contable de RC de data 16 de marzo de 2023.

Logo de ver o acordo do Pleno da Corporación de data 26 de xaneiro de 2023 no que se presta aprobación ás “Bases Específicas Reguladoras para o outorgamento de Subvencións a entidades culturais para o ano 2023”.

Publicadas as anteditas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 33 do 16/02/2023 e

non habéndose presentado ningunha reclamación a estas.

Visto o disposto no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva en materia de subvencións a entidades culturais, co texto que figura no anexo do presente acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe de 23.000 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 334.48. Do total desta partida resérvanse outros 35.000 euros para subvencións nominativas, para as entidades Banda Municipal de Música de Silleda (20.000 euros) e Banda Recreativa e Cultural de Bandeira (15.000 euros), polas características específicas relativas ao funcionamento de ámbalas dúas.

Terceiro.- Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial de la Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que haxa asignado a BDNS á convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes será de 1 mes (30 días naturais) contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, tal e como figura nas bases recollidas a continuación.

ANEXO:

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA AÑO 2023

As presentes, bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades culturais que desenvolvan a súa actividade no Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e demais normativa vixente.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece o marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

Ó abeiro de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades culturais, de contribuír ó fortalecemento do tecido social e á promoción da calidade de vida e do benestar dos cidadáns do Concello.

ARTIGO 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para o mantemento de Asociacións Culturais e realización de actividades culturais.

Poderán optar a estas subvencións todas as asociacións culturais inscritas no Rexistro Municipal que presten servizos ou organicen actividades sen fin de lucro.

Os gastos subvencionables serán unicamente aqueles que estean directamente ligados á realización das actividades, incluíndo material ou equipamento necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención, e vestiario, de ser o caso.

Non serán obxecto de subvención:

Os gastos de mantemento ordinario de auga, luz e gas.

As actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, e as que recibisen calquera outro tipo de achega municipal.

Os gastos derivados da organización de xantares ou degustacións, agás no caso de subvencións a festas gastronómicas, demostracións gastronómicas, ou gastos relacionados cas dietas das persoas que participan na organización do evento.

Facturas de bebidas alcohólicas ou outros produtos lesivos para a saúde.

e. Os gastos de equipamento, incluíndo a adquisición de material inventariable, material de oficina,... ou aquel que teña relación coa actividade a desenvolver polas asociacións ou necesario para o desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

Así mesmo, polas características específicas relativas ao seu funcionamento, dentro da partida orzamentaria 334.48 contéplanse subvencións nominativas para a Banda de Música Municipal de Silleda (20.000 euros) e Banda Recreativa e Cultural da Bandeira (15.000 euros).

ARTIGO 2 FINANCIAMENTO

As presentes subvencións convocaranse por un importe total de 23.000 €, a cargo da partida 334.48 do presuposto municipal de Silleda.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o custe da actividade a desenvolver polo beneficiario. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.

ARTIGO 3. BENEFICIARIOS

Con carácter xeral, terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións culturais que cumpran as seguintes condicións:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro para o desenvolvemento das actividades obxecto desta subvencións.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Silleda ou ter a sede no mesmo. De ser actividades a desenrolar fóra deste, deberá de tratarse de actividades que suplan ou complementen ás atribuídas ao Concello de Silleda.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.

Tampouco poderán concorrer na convocatoria regulada por estas bases aquelas entidades culturais que contén con subvención nominativa no ano en curso.

As Asociacións ou Entidades só poderán concorrer a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais, Participación Veciñal e /ou Social, ou Deportivas).

ARTIGO 4. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

No caso de subvención para actividades:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización ou ben acreditar a adquisición de bens de equipamento.
- Sinalar na publicidade que a actividade conta co financiamento da concellaría correspondente do Concello de Silleda.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.
- Comunicar ao Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello.
- As restantes establecidas pola normativa reguladora de subvencións.

ARTIGO 5. GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

No caso das actividades culturais, considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade beneficiaria, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, cartelería, e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederáse á redución proporcional do importe da subvención.

O período que se terá en conta para a realización da actividade será do 30 de novembro de 2022 ao 20 de novembro de 2023.

ARTIGO 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude que estará dispoñible na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello www.silleda.gal.

CALQUERA SOLICITUDE PRESENTADA SEGUINDO UN PROCEDEMENTO DISTINTO AO AQUÍ DESCRITO SERÁ INADMITIDA.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

Xunto coa solicitude os interesados deberán achegar a seguinte documentación seguindo o modelo que se facilitará dende o Concello de Silleda, e se incorpora as presentes bases como anexo.

- A. Instancia individualizada asinada polo presidente/a da entidade, asociación ou por quen teña conferida a delegación debendo acreditar debidamente tal circunstancia na que conste a finalidade e contía da subvención que se solicita. Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización.
- B. Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- X. Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF, segundo modelo.
- Δ. Copia do CIF da Entidade.
- E. Comunicación de se lles foi concedida outra/s subvención/s para a mesma actividade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude de ser o caso.
- Φ. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo modelo.
- Γ. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
- H. Aqueles colectivos que precisen de directores especializados para a súa actividade deberán presentar coa solicitude, o orzamento mensual e anual do custe do director.

ARTIGO 7. ENMENDA DE DEFECTOS

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ARTIGO 8. INSTRUCCIÓN

A instrución do procedemento corresponderalle ó Alcalde ou ó Concelleiro/a en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrución, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe

sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

O instrutor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións.

Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instrutor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación dos solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.

2.-A Comisión de Valoración, estará integrada polos seguintes membros, con voz e voto:

- Presidenta: Concelleira de Cultura.
- Vogal 1: Funcionario/a ou traballador/a municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de Secretario.
- Vogal 2: Técnico/a de cultura ou animador/a sociocultural.

ARTIGO 9. RESOLUCIÓN

A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe.

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

A resolución deberá conter os seguintes extremos:

- Relación de solicitantes que resulten beneficiarios, coa motivación correspondente, e o importe asinado.
- Desestimación do resto das solicitudes, coa motivación correspondente.

A resolución definitiva publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na páxina web e na BDNS entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

ARTIGO 10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES

A comisión de subvencións procederá á proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:

- α. Criterios en base á valoración xeral da asociación (segundo a súa natureza):
 - a.1. Número de persoas socias_ata 10 puntos.
 - a.2 Continuidade da traxectoria dende a súa creación_ ata 10 puntos.
- β. Criterios en base á valoración da actividade:
 - b.1. Interese cultural das actividades (número de participantes, repercusión cultural no municipio...) _ Ata 5 puntos.
 - b.2. Número de actividades realizadas ao longo do ano_ Ata 10 puntos.
- c. Criterios en base á valoración cultural xeral:
 - c.1. Fomento da cultura no colectivo infanti ou xuvenil_ Ata 5 puntos.
 - c.2. Fomento e difusión da cultura entre a poboación en xeral_ Ata 5 puntos.

c.3. Fomento da igualdade. _ata 5 puntos

c.4. Fomento de actividades sostibles e relacionadas ca protección do medio ambiente ou ca recuperación de tradicións: _ata 5 puntos

No caso de que unha vez aplicados os anteriores criterios non se esgote a totalidade do crédito orzamentario, terase en especial consideración aqueles colectivos cunha traxectoria temporal demostrable de 20 anos ou máis. Deste xeito, incrementarase a subvención por cada tramo de 20 anos de actividade continuada en 100 euros, ata un máximo de 200 euros.

Terán tamén consideración especial aqueles colectivos ou asociacións que para o desenvolvemento das súas actividades precise de directores especializados, subvencionándose como máximo ata os seguintes importes:

- Directores/as de grupos de baile: 200 €/mes.
- Directores/as de coro: 175 €/mes.

Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ao prorrateo do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre as distintas entidades que resulten beneficiarias da subvención, en función da puntuación acadada na aplicación dos procedentes criterios.

ARTIGO 11. ANTICIPOS.

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade, e previa xustificación.

ARTIGO 12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 30 de novembro de 2023 salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.

A xustificación deberá incluír a seguinte documentación:

1º Conta xustificativa simplificada.

- Memoria.
- Relación clasificada de gastos.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

3º Declaracións e certificados.

A continuación se detalla o contido dos distintos documentos.

1º Conta xustificativa simplificada.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da **conta xustificativa simplificada**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

De conformidade co artigo 75 do DECRETO 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento

da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esta se presentará co seguinte contido:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.
- c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

O modelo a utilizar será o recollido no Anexo das presentas bases.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

1.- Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas..

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

1º. A factura orixinal será compulsada no Concello de Silleda.

2º. No momento da compulsa o funcionario encargado da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)

3º. Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da asociación e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

2º Os gastos de persoal se acreditarán mediante nóminas e os correspondentes TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.

A xustificación da subvención incluírá en todo caso a acreditación do pago correspondente. Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior a 1.000 euros.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.
- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

3º Declaracións e certificados.

-Declaración responsable de non ter recibido outras axudas

-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei

38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Cando o importe concedido supere os 3.000 euros deberán aportarse tamén os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

ARTIGO 13. REINTEGRO DE SUBVENCIONS

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

ARTIGO 14. RÉXIMEN SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes.

ARTIGO 15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPD, informámoslle que os datos recabados, e que Vd. nos facilite e achege a esta solicitude, serán incorporados a un **Registro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda**.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no **consentimento que vostede concede** ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigación legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requeridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a **obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste**, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no

Registro Xeral deste Concello en **Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra** ou por vía mail a: **info@silleda.gal** ditas solicitudes deberán dirixirse a **Delegada de Protección Datos**, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES CULTURAIS ANO 2023				
1. DATOS DO SOLICITANTE				
Nome da asociación		CIF		
Nome do representante		NIF		
Enderezo				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono fixo		Móbil		Correo-e
2. SOLICITUDE				
1. Orzamento da actividade				
a) Custo total en euros _				
b) Importe da subvención solicitada en euros _				
Orzamento do material proposto:				
Custo total do material en euros en euros:				
2. Orzamento anual da asociación:				
3. Ámbito da actividade				
<input type="checkbox"/> Local <input type="checkbox"/> Autonómico <input type="checkbox"/> Estatal				
4. Número de socios:				
5. Edición ou antigüidade da actividade:				
6. Número de posibles beneficiarios da actividade:				
7. Outras axudas solicitadas para a mesma finalidade:				
3. Documentación que se achega.				
<ul style="list-style-type: none"> - Memoria das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización - Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF - Copia do CIF da asociación - Declaración da obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade - Certificado dos datos bancarios da entidade - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artg.13.2 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións - Orzamento mensual e anual do custe do director/a, se é o caso - Acreditación da traxectoria temporal (para os que superen os 20 anos de existencia continuada) 				

PROGRAMA OU MEMORIA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2023

*** Cubrir unha folla por cada actividade**

Descrición da actividade:

Data prevista:

Lugar de celebración previsto:

Colaboradores previstos:

Silleda _____ de _____ de 2023

O/A REPRESENTANTE LEGAL DA ASOCIACIÓN

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PARA O ANO 2023

INGRESOS:

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS
ESTIMACIÓN TOTAL INGRESOS		

GASTOS:

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS
ESTIMACIÓN TOTAL DE GASTOS		

TOTAL DIFERENZA INGRESOS E GASTOS	
-----------------------------------	--

Silleda _____ de _____ de 2023

O/A TESOUREIRO/A

D./Dña..... con número de DNI:.....,

Presidente/ da Asociación.....

.....

DECLARO

Que a Asociación.....non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

En Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.:

DECLARACIÓN TRAXECTORIA TEMPORAL DE COLECTIVOS E ASOCIACIÓNS

**Só para aquelas que acrediten que levan máis de 20 anos de actividade continuada

D./Dña..... con número de DNI:.....,

Presidente/ da Asociación.....

.....

DECLARO

Que a Asociación.....realiza unha actividade continuada dende o ano

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

En Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER RECIBIDO OUTRAS AXUDAS

D./Dña, con DNI nº como responsable da Asociación con enderezo

en.....

DECLARA:

Que **NON** lle foi concedida subvención ou axuda doutra Administración ou Entidade Pública ou Privada para o obxecto da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades culturais do Concello de Silleda

Silleda _____ de _____ de 2023

DECLARACIÓN DA NECESIDADE DE CONTAR CUN DIRECTOR/A

****Só para aquelas entidades que precisen dun director/ especializado/a para o seu funcionamento**

D./Dña..... con número de DNI.:.....,

Presidente/ da Asociación.....

.....

DECLARO

Que a Asociación.....precisa para o desenvolvemento das súas actividades dun director/a especialidade.

O orzamento deste director/á é de:

_____ euros/mes

_____ euros/ano

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

En Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.:

Asdo.:

CERTIFICADO DOS CARGOS REPRESENTATIVOS

Don/Dona _____ con D.N.I nº _____

Secretario/a da Asociación _____

con domicilio social en _____

e NIF/CIF nº _____

CERTIFICO:

Que segundo obran nas Actas desta Asociación actualmente os cargos representativos son:

PRESIDENTE/A	
--------------	--

MICEPRESIDENTE/A	
SECRETARIO/A	
TESOUREIRO/A	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	

E para que conste, asino o presente Certificado en Silleda, a _____ de _____, de 2023

O/A SECRETARIO/A

Asdo: Don/Dona _____

CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA

D....., con NIF..... como representante legal de:

Entidade Beneficiaria:

C.I.F/ N.I.F.:

CERTIFICO:

Que a realización da actividade.....xerou os seguintes gastos*:

Nº.	Concepto	Importe	Data de pago
Total de Gastos* (incluír varias páxinas de ser preciso)			

Que se adxuntan as facturas ou documentos equivalentes correspondentes con ditos gastos, así como a xustificación do seu pagamento.

Que os ingresos xerados pola actividade foron os seguintes:

Concepto	Importe
Total de Ingresos Xerados	

Que as Subvencións concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de€, co el seguinte detalle:

Entidade Concedente	Importe
Total de Subvencións concedidas por outras Entidades .	

Da veracidade dos datos que se conteñen na Memoria que se adxunta.

O que asino en, a data.....
Sinatura.

*O importe dos gastos xustificandos debe ser igual ou superior ao importe subvencionado.

MEMORIA DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

ACTIVIDADE :

Datas de realización _____

OBXETIVOS :

GRADO DE CUMPLIMIENTO DOS OBXETIVOS :

INCIDENCIAS REMARCABLES :

DATOS DE LA TRANSFERENCIA (*). : ENTIDAD BANCARIA O DE AHORROS. Código bancario:

Entidade	Oficina	D C	Conta

(*) Non e preciso en caso de subvencións prepagables..

O que asino en, a data.....
Sinatura.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con NIF..... como representante legal de:

Entidade Beneficiaria:

1

C.I.F/ N.I.F.:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que non se recibiron máis axudas das que constan na conta xustificativa presentada.

Que a asociación non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.

Expediente 7/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Coa finalidade de apoiar e fomentar a práctica do deporte no municipio de Silleda e tendo en conta o papel que os clubs e entidades de carácter deportivo desenvolven ao longo dos últimos anos, dende a Concellería de Deportes propuxo a aprobación das bases que rexerán a posterior convocatoria para o , ano 2023.

Ditas subvencións, en réxime de concorrenza competitiva, outorgaranse con cargo á partida 341.48 cunha contía de 35.000 euros.

Unha vez redactadas as bases, nas que especifican os requisitos e condicións da convocatoria que aprobará o órgano competente e logo de ver o informe número 7/2023 emitido pola Secretaría da Corporación con data 16/01/2023.

Constando no expediente informe de Intervención e documento contable de RC de data 16 de marzo de 2023.

Logo de ver o acordo do Pleno da Corporación de data 26 de xaneiro de 2023 no que se presta aprobación ás “Bases Específicas Reguladoras para o outorgamento de Subvencións a entidades deportivas para o ano 2023”.

Publicadas as anteditas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 33 do 16/02/2023 e non habéndose presentado ningunha reclamación a estas.

Visto o disposto no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva en materia de subvencións a entidades deportivas, co texto que figura no anexo do presente acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe de 35.000 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 334.48.

Terceiro.- Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial de la Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que haxa asignado a BDNS á convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes será de 1 mes (30 días naturais) contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, tal e como figura nas bases recollidas a continuación.

ANEXO:

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA ANUALIDADE 2023

As presentes, bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas que desenvolvan a súa actividade no Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e demais normativa vixente.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece un novo marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

Ó abeiro de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades deportivas, de contribuír ó fortalecemento do tecido social e á promoción da calidade de vida e do benestar dos cidadáns do Concello.

ARTIGO 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a posterior convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para o fomento de actividades deportivas no Concello de Silleda desenvolvidas por entidades ou clubs deportivos con sede no Concello, e sempre que teñan interese público, comprendendo tanto a realización das citadas actividades, coma os gastos de funcionamento e mantemento daquelas entidades ou asociacións con sede no termo municipal que veñen realizando actividades que redunden en beneficio do Concello.

Os gastos subvencionables serán unicamente aqueles ligados directamente á realización de actividades.

ARTIGO 2 FINANCIAMENTO

As subvencións para entidades ou clubs deportivos convocaránse con cargo á partida 341-48 do Concello de Silleda do exercicio 2023, ata unha contía global máxima do crédito de 35.000 euros.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o custe da actividade a desenvolver polo beneficiario ou o material/equipamento adquirido. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.

Non serán obxecto de subvención:

- a. Os gastos de mantemento ordinario de auga, luz, gas...
- b. As actividades suxeitas a un Convenio de colaboración co concello e as que recibisen outro tipo de achega municipal.
- c. Os gastos derivados da organización de xantares ou degustación, agás no caso de dietas das persoas que participan na organización da actividade
- d. Facturas de bebidas alcólicas ou outros produtos lesivos para a saúde.
- e. Os gastos de equipamento, incluíndo a adquisición de material inventariable, material de oficina, equipos informáticos,...ou aquel que teña relación ca actividade a desenvolver polas entidades ou necesario para o desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

ARTIGO 3. BENEFICIARIOS

Con carácter xeral, terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa xurídica que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases as/os clubs ou entidades deportivas locais de carácter federado, que realicen a súa actividade sen ánimo de lucro e estean inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre que teñan a súa sede no termo municipal de Silleda e realicen a maior parte da súa actividade no mesmo.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen concurra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.

Tampouco poderán concorrer á convocatoria que regulan estas bases aquelas entidades deportivas que contén con subvención nominativa do Concello de Silleda no ano en curso.

As Asociacións ou Entidades só poderán concorrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais, Participación veciñal ou Deportivas).

ARTIGO 4. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Sinalar na publicidade que a actividade conta co financiamento da concellaría correspondente do Concello de Silleda.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.
- Comunicar ao Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello.
- As restantes establecidas pola normativa reguladora de subvencións

ARTIGO 5. GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade ou clube beneficiarios, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, subministros, equipacións deportivas e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

O período que se terá en conta para a realización da actividade será o comprendido entre o 30 de novembro de 2022 e o 20 de novembro de 2023, e no caso dos clubs federados, terase en conta a totalidade da tempada 2022-2023.

ARTIGO 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaránse no Rexistro Electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude que estará dispoñible na sede electrónica <http://silleda.sedeelectronica.gal> e na páxina web do Concello www.silleda.gal.

CALQUERA SOLICITUDE PRESENTADA SEGUINDO UN PROCEDEMENTO DISTINTO AO AQUÍ DESCRITO SERÁ INADMITIDA.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

Xunto ca solicitude os interesados deberán de achegar a seguinte documentación seguindo o modelo que se facilitará dende o Concello de Silleda, e se incorpora ás presentes bases como anexo:

- a. Solicitude, referida no apartado anterior, asinada polo representante legal da persoa xurídica. Na instancia especificarase se concorren na modalidade de actividades ou de equipamento.
- b. Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (CIF).
- c. Memoria explicativa das actividades a desenvolver durante o exercicio 2023.
- d. Orzamento detallado de ingresos e gastos, con expresión do financiamento previsto.
- e. Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, no que se faga constar as subvencións solicitadas e as que foran concedidas para o financiamento da actividade por calquera Administración ou Entidade pública ou privada, quedando obrigados a comunicar tan pronto como lles sexa coñecida a concesión en data posterior á solicitude, e en todo caso no momento da xustificación.
- f. Fotocopia dos estatutos da entidade ou club, así como fotocopia do acordo que confira a representación da entidade á persoa ou persoas que asinan a solicitude, xunto con copia do DNI destes.
- g. Certificación da Federación correspondente do número de deportistas federados pertencentes ó club ou entidade, ou no seu defecto copia compulsada das citadas fichas federativas, ademais de certificación de que o propio club ou entidade se atopa federado.
- h. Certificación bancaria dos datos dunha conta da titularidade da entidade ou club, na que se poida facer efectivo o importe da subvención.
- i. Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición para obter la condición de beneficiario de subvencións.
- j. Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal ou autonómica, nin á Seguridade Social.
- k. Acreditación de non ter débeda algunha coa Tesourería do Concello de Silleda.

ARTIGO 7. ENMENDA DE DEFECTOS

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ARTIGO 8. INSTRUCCIÓN

1.-A instrución do procedemento corresponderalle á Alcalde ou ó Concelleiro/a en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos

en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrución, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

O instrutor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións.

Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instrutor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación dos solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.

2.-A Comisión de Valoración, estará integrado polos seguintes membros, con voz e voto:

- Presidente: Concelleiro/a de Deportes
- Vogal: Técnico municipal
- Vogal: Funcionario ou traballador municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, actuando como Secretario.

ARTIGO 9. RESOLUCIÓN

A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe.

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

A resolución deberá conter os seguintes extremos:

- Relación de solicitantes que resulten beneficiarios, coa motivación correspondente, e o importe asinado.
- Desestimación do resto das solicitudes, coa motivación correspondente.

A resolución definitiva publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na BDNS entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

ARTIGO 10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES

A concesión de subvencións na modalidade de actividades e a súa contía determinadas en función dos seguintes criterios:

CONCEPTO	PUNTOS
Fomento do deporte base e das escolas deportivas (Prebenxamíns, benxamíns, alevíns, cadetes, infantís e xuvenís)	0-25
Mantemento das instalacións deportivas onde practican a actividade o club ou entidade	0-20

Número de participantes directos ou indirectos das actividades	0-10
Número de actividades realizadas durante o exercicio	0-10
Interese xeral da actividade a realizar	0-10
Número de deportistas federados, afiliados o club ou	0-10
Colaboración con actividades do Concello	0-10
Fomento do deporte feminino	0-5

Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ao prorrateo do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre os distintos clubs ou entidades deportivas que resulten beneficiarios da subvención, en función da puntuación acadada na aplicación dos procedentes criterios.

ARTIGO 11. ANTICIPOS.

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade, e previa xustificación.

ARTIGO 12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 30 de novembro de 2023, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.

A xustificación deberá incluír a seguinte documentación:

1º Conta xustificativa simplificada.

- Memoria.
- Relación clasificada de gastos.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

3º Declaracións e certificados.

A continuación se detalla o contido dos distintos documentos.

1º Conta xustificativa simplificada.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da **conta xustificativa simplificada**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

De conformidade co artigo 75 do DECRETO 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esta se presentará co seguinte contido:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se

outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

O modelo a utilizar será o recollido no Anexo das presentas bases.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

1.- Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas..

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

1º. A factura orixinal será compulsada no Concello de Silleda.

2º. No momento da compulsada o funcionario encargado da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)

3º. Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da asociación e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

2º Os gastos de persoal se acreditarán mediante nóminas e os correspondentes TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.

A xustificación da subvención incluírá en todo caso a acreditación do pago correspondente. Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior a 1.000 euros.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.

- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).

- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.

- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

3º Declaracións e certificados.

-Declaración responsable de non ter recibido outras axudas

-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Cando o importe concedido supere os 3.000 euros deberán aportarse tamén os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

ARTIGO 13. REINTEGRO DE SUBVENCIONS

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da

subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

ARTIGO 14. RÉXIMEN SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes.

ARTIGO 15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXP)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os datos recabados, e que Vd. nos facilite e achege a esta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda**.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no **consentimento que vostede concede** ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requeridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a **obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste**, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en **Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra** ou por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a **Delegada de Protección Datos**, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

ANEXOS

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2023

1. DATOS DO SOLICITANTE				
Nome da entidade/clube			CIF	
Nome do representante			NIF	
Enderezo				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono fixo		Móbil		Correo -e
2. SOLICITUDE				
3.. Orzamento anual da Entidade:				
4. Ámbito da actividade <input type="checkbox"/> Local <input type="checkbox"/> Autonómico <input type="checkbox"/> Estatal				
5. Número de socios:				
6. Edición ou antigüidade da actividade:				
7. Número de posibles beneficiarios da actividade:				
8. Outras axudas solicitadas para a mesma finalidade:				
3. Documentación que se achega.				
<ul style="list-style-type: none"> - Memoria das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización - Orzamento de gastos e ingresos das actividades para as que se solicita subvención - Fotocopia dos estatutos do clube e DNI dos representantes - Certificado da federación correspondente do número de deportistas federados que pertencen ao clube/entidade - Copia do CIF da asociación - Declaración da obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade - Certificado no que se faga constar as subvencións solicitadas e as que foran concedidas para o financiamento da actividade por calquera Administración ou entidade pública ou privada - Certificado dos datos bancarios da entidade - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artg.13.2 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións - Acreditación de non ter débeda algunha coa Tesourería do Concello de Silleda 				

En Silleda, a _____ de _____ de 2023

CONCELLEIRA DE DEPORTES DO CONCELLO DE SILLEDADA

RELACIÓN DE SUBVENCIONS OU AXUDAS DOUTRAS ADMINISTRACIONES

D./Dña, con DNI nº como responsable
do club/entidade con enderezo
en.....

DECLARA:

Que segundo o disposto nas "Bases reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións

para entidades deportivas do Concello de Silleda”, a este clube **foille concedida** a/as seguinte/s subvención/s

Institución/Entidade	Obxecto	Cantidade

Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.:

PROGRAMA OU MEMORIA DE ACTIVIDADES PARA O ANO/TEMPADA 2022-2023

* Cubrir unha folia por cada actividade

<p>Descrición da actividade:</p> <p>Data prevista:</p> <p>Lugar de celebración previsto:</p> <p>Colaboradores previstos:</p>

Silleda _____ de _____ de 2023

O/A REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.: Don/Dona _____

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PARA O ANO/TEMPADA 2022- 2023

INGRESOS:

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS
ESTIMACIÓN TOTAL INGRESOS		

GASTOS:

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS

ESTIMACIÓN TOTAL DE GASTOS		

TOTAL DIFERENZA INGRESOS E GASTOS	
-----------------------------------	--

Silleda _____ de _____ de 2023
 O/A TESOUREIRO/A
 Asdo.: Don/Dona _____

DECLARACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

D./Dna..... con número de DNI:.....,

Presidente/a do club deportivo.....

.....

DECLARO

Que o Clube.....atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e non incurso en causa de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER RECIBIDO OUTRAS AXUDAS

D./Dna con DNI nº como responsable do clube/entidade con enderezo en.....

DECLARA:

Que **NON** lle foi concedida subvención ou axuda doutra Administración ou Entidade Pública ou Privada para o obxecto da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas do Concello de Silleda

Silleda _____ de _____ de 2023

CERTIFICADO DOS CARGOS REPRESENTATIVOS

Don/Dona _____ con DNI n.º _____
 Secretario/a do Clube/entidade _____
 con domicilio social en _____
 e NIF/CIF n.º _____

CERTIFICO

Que segundo obran nas actas deste clube actualmente os cargos representativos son:

PRESIDENTE/A	
VICEPRESIDENTE/A	
SECRETARIO/A	
TESOUREIRO/A	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	

E para que así conste asino a presente en Silleda a ____ de _____ de 2023

Asdo. _____

CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA

D....., con NIF..... como representante legal de:

Entidade Beneficiaria:

C.I.F./N.I.F.:

CERTIFICO:

Que a realización da actividade.....xerou os seguintes gastos*:

Nº.	Concepto	Importe	Data de pago

Total de Gastos* (incluír varias páxinas de ser preciso)			

Que se adxuntan as facturas ou documentos equivalentes correspondentes con ditos gastos, así como a xustificación do seu pagamento.

Que os ingresos xerados pola actividade foron os seguintes:

Concepto	Importe
Total de Ingresos Xerados	

Que as Subvencións concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de€, co el seguinte detalle:

Entidade Concedente	Importe
Total de Subvencións concedidas por outras Entidades .	

Da veracidade dos datos que se conteñen na Memoria que se adxunta.

O que asino en, a data.....

Sinatura.

*O importe dos gastos xustificandos debe ser igual ou superior ao importe subvencionado.

MEMORIA DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

<p>ACTIVIDADE :</p> <p>Datos de realización _____</p>

<p>OBXETIVOS :</p>

--

GRADO DE CUMPLIMIENTO DOS OBXETIVOS :

INCIDENCIAS REMARCABLES :

DATOS DE LA TRANSFERENCIA (*). : ENTIDAD BANCARIA O DE AHORROS. Código bancario:

Entidade			Oficina		D C		Conta													

(*) Non e preciso en caso de subvencións prepagables..

O que asino en, a data.....
Sinatura.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con NIF..... como representante legal de:

Entidade Beneficiaria:

C.I.F/ N.I.F:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que non se recibiron máis axudas das que constan na conta xustificativa presentada.

Que a asociación non está incursoa en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.

FOD - Expediente 8/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ENTIDADES DE PARTICIPACION VECIÑAL DO CONCELLO DE

SILLEDA, ANO 2023**Favorable****Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento****Inclusión por urxencia Expediente 8/2023**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 23 de marzo de 2023.

Coa finalidade de apoiar ao tecido asociativo no municipio de Silleda, como dinamizador no ámbito cultural e social, así como a celebración de distintas actividades de carácter social, e tendo en conta o papel que os colectivos e entidades de participación veciñal desenvolven ao longo dos últimos anos, esta Alcaldía propón a aprobación inicial das bases que rexerán a posterior convocatoria de axudas a entidades veciñais e/ou de participación social do municipio de Silleda para o ano 2023.

Ditas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, outorgaranse con cargo á partida 334.48 do orzamento municipal, cunha contía de 8.100 euros.

Unha vez redactadas as bases, nas que especifican os requisitos e condicións da convocatoria que aprobará o órgano competente e logo de ver o informe número 8/2023 emitido pola Secretaría da Corporación con data 16/01/2023.

Constando no expediente informe de Intervención e documento contable de RC de data 16 de marzo de 2023.

Logo de ver o acordo do Pleno da Corporación de data 26 de xaneiro de 2023 no que se presta aprobación ás “Bases Específicas Reguladoras para o outorgamento de Subvencións a entidades veciñais e/ou de participación social do ano 2023”.

Publicadas as anteditas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 33 do 16/02/2023 e non habéndose presentado ningunha reclamación a estas.

Visto o disposto no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva en materia de subvencións para a realización de actividades de promoción da participación social e/ou veciñal, co texto que figura no anexo do presente acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe de 8.100 euros euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 334.48.

Terceiro.- Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial de la Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que haxa asignado a BDNS á convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes será de 1 mes (30 días naturais) contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, tal e como figura nas bases recollidas a continuación.

ANEXO:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E/OU VECIÑAL, NO CONCELLO DE SILLEDA PARA A ANUALIDADE DE 2023

As presentes, bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións veciñais que desenvolvan a súa actividade no Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e demais normativa vixente.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece o marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

Ó abeiro de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades veciñais, de contribuír ó fortalecemento do tecido social e á promoción da calidade de vida e do benestar dos cidadáns do Concello.

ARTIGO 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para a realización de actividades de promoción da participación social e/ou veciñal.

Poderán optar a estas subvencións todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal que presten servizos ou organicen actividades sen fin de lucro.

Os gastos subvencionables serán unicamente aqueles que estean directamente ligados á realización das actividades, incluíndo material ou equipamento necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención, e vestiario, de ser o caso.

Non serán obxecto de subvención:

- a. Os gastos de mantemento ordinario de auga, luz e gas.
- b. As actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, e as que reciben calquera outro tipo de achega municipal.
- c. Os gastos derivados da organización de xantares ou degustacións, agás no caso de subvencións a festas gastronómicas, demostracións gastronómicas, ou gastos relacionados cas dietas das persoas que participan na organización do evento.
- d. Facturas de bebidas alcohólicas ou outros produtos lesivos para a saúde.
- e. Os gastos de equipamento, incluíndo a adquisición de material inventariable, material de oficina,... ou aquel que teña relación coa actividade a desenvolver polas asociacións ou necesario para o desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

ARTIGO 2 FINANCIAMENTO

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 5.100 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 334.48. En aplicación do artigo 58 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establécese unha contía adicional máxima de 3.000 euros, cuxa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria. Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible na aplicación orzamentaria 334.48 queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o custe da actividade a desenvolver polo beneficiario. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.

ARTIGO 3. BENEFICIARIOS

Con carácter xeral, terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións culturais que cumpran as seguintes condicións:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

- Carecer de fins de lucro para o desenvolvemento das actividades obxecto desta subvencións.
- Desenvolver as súas actividades no Termo Municipal de Silleda ou ter a sede no mesmo. De ser actividades a desenrolar fóra deste, deberá de tratarse de actividades que suplan ou complementen as atribuídas ao Concello de Silleda.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen concurra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.

Tampouco poderán concorrer na convocatoria regulada por estas bases aquelas entidades culturais que contén con subvención nominativa no ano en curso.

As Asociacións ou Entidades só poderán concorrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais, participación veciñal ou Deportivas).

ARTIGO 4. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Sinalar na publicidade que a actividade conta co financiamento da concellaría correspondente do Concello de Silleda.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.
- Comunicar ao Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello.
- As restantes establecidas pola normativa reguladora de subvencións.

ARTIGO 5. GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade ou clube beneficiarios, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, subministros e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

O período que se terá en conta para a realización da actividade será do 30 de novembro de 2022 ao 20 de novembro de 2023.

ARTIGO 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaránse no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello, www.silleda.gal.

CALQUERA SOLICITUDE PRESENTADA SEGUINDO UN PROCEDEMENTO DISTINTO AO AQUÍ DESCRITO SERÁ INADMITIDA.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

Xunto ca solicitude os interesados deberán achegar a seguinte documentación seguindo o modelo que se facilitará dende o Concello de Silleda, e se incorpora ás presentes bases como anexo:

- A. Instancia individualizada cada modalidade de actividade, asinada polo presidente/a da entidade, asociación ou por quen teña conferida a delegación debendo acreditar debidamente tal circunstancia na que conste a finalidade e contía da subvención que se solicita..
- B. Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización.
- C. Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento
- D. Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF, segundo modelo .
- E. Copia do CIF da Entidade.
- F. Comunicación de se lles foi concedida outra/s subvención/s para a mesma actividade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude de ser o caso
- G. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- H. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
- I. De ser o caso, documento probatorio de que a asociación ten unha traxectoria de 20 anos ou máis.

ARTIGO 7. ENMENDA DE DEFECTOS

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ARTIGO 8. INSTRUCIÓN

A instrución do procedemento corresponderalle á Alcalde ou ó Concelleiro en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrución, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

O instrutor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións.

Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instrutor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación dos solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.

2.-A Comisión de Valoración, estará integrado polos seguintes membros, con voz e voto:

- Presidenta: Concelleira de Cultura.
- Vogal 1: Funcionario/a ou traballador/a municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de Secretario.
- Vogal 2: Técnico/a de cultura ou animador/a sociocultural.

ARTIGO 9. RESOLUCIÓN

A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe.

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

A resolución deberá conter os seguintes extremos:

- Relación de solicitantes que resulten beneficiarios, coa motivación correspondente, e o importe asinado.
- Desestimación do resto das solicitudes, coa motivación correspondente.

A resolución definitiva publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na BDNS entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

ARTIGO 10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES

A comisión de subvencións procederá á proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:

- a. Criterios en base á valoración xeral da asociación (segundo a súa natureza):
 - a.1. Número de persoas socias _ ata 10 puntos.
 - a.2. Continuidade da traxectoria dende a súa creación_ ata 10 puntos.
- b. Criterios en base á valoración da actividade:
 - b.1. Interese social/cidadá das actividades (número de participantes, repercusión social...) _ Ata 5 puntos.

b.2. Número de actividades realizadas ao longo do ano_ Ata 10 puntos.

c. Criterios en base á valoración da promoción da participación social:

c.1. Fomento da participación do colectivo infantil ou xuvenil_ Ata 5 puntos.

c.2. Fomento da participación da poboación en xeral_ Ata 5 puntos.

c.3. Fomento da igualdade_ Ata 5 puntos

c.4. Fomento de actividades sostibles e relacionadas ca protección do Medio Ambiente ou a recuperación de tradicións_ Ata 5 puntos

No caso de que unha vez aplicados os anteriores criterios non se esgote a totalidade do crédito orzamentario, terase en especial consideración aqueles colectivos cunha traxectoria temporal demostrable de 20 anos ou máis. Deste xeito, incrementarase a subvención por cada tramo de 20 anos de actividade continuada en 100 euros, ata un máximo de 200 euros.

Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ao prorrateo do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre os distintos clubs ou entidades que resulten beneficiarios da subvención, en función da puntuación acadada na aplicación dos procedentes criterios.

ARTIGO 11. ANTICIPOS.

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade, e previa xustificación.

ARTIGO 12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 30 de novembro de 2023, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.

A xustificación deberá incluír a seguinte documentación:

1º Conta xustificativa simplificada.

- Memoria.
- Relación clasificada de gastos.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

3º Declaracións e certificados.

A continuación se detalla o contido dos distintos documentos.

1º Conta xustificativa simplificada

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da **conta xustificativa simplificada**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

De conformidade co artigo 75 do DECRETO 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esta se presentará co seguinte contido:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.
- c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

O modelo a utilizar será o recollido no Anexo das presentas bases.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

1.- Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas..

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

- 1º. A factura orixinal será compulsada no Concello de Silleda.
- 2º. No momento da compulsa o funcionario encargado da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)
- 3º. Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da asociación e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

2º Os gastos de persoal se acreditarán mediante nóminas e os correspondentes TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.

A xustificación da subvención incluírá en todo caso a acreditación do pago correspondente. Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior a 1.000 euros.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.
- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

3º Declaracións e certificados.

-Declaración responsable de non ter recibido outras axudas
-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Cando o importe concedido supere os 3.000 euros deberán aportarse tamén os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

ARTIGO 13. REINTEGRO DE SUBVENCIONES

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

ARTIGO 14. RÉXIMEN SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes.

ARTIGO 15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXP)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os datos recabados, e que Vd. nos facilite e achege a esta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda**.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no **consentimento que vostede concede** ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigación legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requeridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a **obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste**, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en **Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra** ou por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a **Delegada de Protección Datos**, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

ANEXOS

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E DE PARTICIPACIÓN SOCIAL ANO 2023				
1. DATOS DO SOLICITANTE				
Nome da asociación		CIF		
Nome do representante		NIF		
Enderezo				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono fixo		Móbil		Correo - e
2. SOLICITUDE				
2. Orzamento da actividade:				
a) Custo total en euros				
-				
b) Importe da subvención solicitada en euros				
-				
3. Orzamento anual da asociación:				
4. Ámbito da actividade				
- Local				
- Autonómico				
- Estatal				
5. Número de socios:				
6. Edición ou antigüidade da actividade:				
7. Número de posibles beneficiarios da actividade:				
8. Outras axudas solicitadas para a mesma finalidade:				
3. Documentación que se achega.				
- Memoria das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización				
- Orzamento de gastos e ingresos das actividades para as que se solicita subvención				
- Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF				
- Copia do CIF da asociación				
- Declaración da obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade				
- Certificado dos datos bancarios da entidade				
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artg.13.2 da Lei				

38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións
- Acreditación da traxectoria temporal (para os que superen os 20 anos de existencia continuada)

En Silleda, a ____ de _____ de 2023

SRA. CONCELLEIRA DE CULTURA. CONCELLO DE SILLEDA

PROGRAMA OU MEMORIA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2023

Descrición da actividade:

Data prevista:

Lugar de celebración previsto:

Colaboradores previstos:

*Cubrir unha folia por cada actividade

Silleda ____ de _____ de 2023

O/A REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.: Don/Dona _____

INGRESOS:

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS
ESTIMACIÓN TOTAL INGRESOS		

GASTOS:

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS
ESTIMACIÓN TOTAL DE GASTOS		

TOTAL DIFERENZA INGRESOS E GASTOS	
-----------------------------------	--

Silleda _____ de _____ de 2023

O/A TESOUREIRO/A

Asdo.: Don/Dona _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna..... con número de DNI:.....,

Presidente/ da Asociación.....

.....

DECLARO

Que a Asociación.....non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

En Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.

DECLARACIÓN TRAXECTORIA TEMPORAL DE COLECTIVOS E ASOCIACIÓNS

**Só para aquelas que acrediten que levan máis de 20 anos de actividade continuada

D./Dna..... con número de DNI:.....,

Presidente/ da Asociación.....

.....

DECLARO

Que a Asociación.....realiza unha actividade continuada dende o ano

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

En Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER RECIBIDO OUTRAS AXUDAS

D./Dna, con DNI nº como responsable da

Asociación con enderezo en
.....

DECLARA:

Que **NON** lle foi concedida subvención ou axuda doutra Administración ou Entidade Pública ou Privada para o obxecto da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades culturais do Concello de Silleda

Silleda _____ de _____ de 2023

CERTIFICADO DOS CARGOS REPRESENTATIVOS

Don/Dona _____ con D.N.I nº _____
Secretario/a da Asociación _____
con domicilio social en _____
e NIF/CIF nº _____

CERTIFICO:

Que segundo obran nas Actas desta Asociación actualmente os cargos representativos son:

PRESIDENTE/A	
VICEPRESIDENTE/A	
SECRETARIO/A	
TESOUREIRO/A	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	

E para que conste, asino o presente Certificado en Silleda, a _____ de _____, de 2023
O/A SECRETARIO/A

Asdo. Don/Dona-----

CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA

D....., con NIF..... como representante legal de:

Entidade Beneficiaria:
C.I.F/ N.I.F:

CERTIFICO:

Que a realización da actividade.....xerou os seguintes gastos*:

Nº.	Concepto	Importe	Data de pago

Total de Gastos* (incluír varias páxinas de ser preciso)			

Que se adxuntan as facturas ou documentos equivalentes correspondentes con ditos gastos, así como a xustificación do seu pagamento.

Que os ingresos xerados pola actividade foron os seguintes:

Concepto	Importe
Total de Ingresos Xerados	

Que as Subvencións concedidas por outras Entidades para la realización da actividade subvencionada ascenden a un total de€, co el seguinte detalle:

Entidade Concedente	Importe
Total de Subvencións concedidas por outras Entidades .	

Da veracidade dos datos que se conteñen na Memoria que se adxunta.

O que asino en, a data.....

Sinatura.

*O importe dos gastos xustificadas debe ser igual ou superior ao importe subvencionado.

MEMORIA DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

<p>ACTIVIDADE :</p> <p>Datas de realización _____</p>
--

--

OBXETIVOS :

--

GRADO DE CUMPLIMIENTO DOS OBXETIVOS :

--

INCIDENCIAS REMARCABLES :

--

DATOS DE LA TRANSFERENCIA (*): ENTIDAD BANCARIA O DE AHORROS. Código bancario:

Entidade	Oficina	D C	Conta

(*): Non e preciso en caso de subvencións prepagables..

O que asino en, a data.....
Sinatura.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con NIF..... como representante legal de:

Entidade Beneficiaria:

|

C.I.F./N.I.F.:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que non se recibiron máis axudas das que constan na conta xustificativa presentada.

Que a asociación non está incursoa en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En Silleda _____ de _____ de 2023

Asdo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE